

ADN Naval

Emoción que atrapa



ARMANDO REQUEIXO

Francisco X. Fernández Naval, narrador, poeta e ensaísta de longa traxectoria, publicou recentemente *Suso Espada. Istanbul e o cabaliño de ouro*, narración detectivesca protagonizada polo investigador que figura no título e que se ten convertido xa nun personaxe esencial para coñecer a escrita do autor, pois non en van é o centro dunha batería de relatos de aventuras que inclúe textos como o conto “Misterio en Fisterra” (incluído no volume *Lendas de onte, soños de mañá*, 2001) ou a novela *Suso Espada. O misterio do Grial* (2002).

Pero se en anteriores historias Suso Espada –ese, por veces, alter ego do propio Naval e, noutras, o seu reverso imposible– se enfrontaba aos enigmas da Orcavella fisterrá ou do lendariamente artúrico cáliz cebreirogo, desta volta o intrépido investigador da atípica dende o propio nome axencia ADN (Axencia de Detectives Nabucodonosor) viaxe alén das nosas fronteiras para resolver un caso na turca Istanbul, onde unha presa galega que levaba vinte anos no cárcere por un lutuoso

asunto de narcotráfico desapparece da cadea misteriosamente.

Esta nova aventura de Espada arrastra a unha vertixe de persecucións, equívocos e asasinatos nos que, como en anteriores entregas, Naval entremesturou sabiamente elementos que son tamén, dalgunha maneira, xenuínos selos da súa narrativa, como a amálgama entre a tradición escrita do mistérico (aquí representada polo mundo do cabalístico e as claves e segredos agochados no Ciprianiño) e a fulcral asimilación da literatura de tradición oral como eixo explicativo destas andai-



nas aventureiras (na presente novela concretadas en lendas da Costa da Morte xa preanunciadas nun seu relato anterior, “Trasnada”).

Narrado cun pulso tremendamente plástico, visual por cinematográfico, este *Suso Espada. Istanbul e o cabaliño de ouro* agocha tamén outras sorpresas agradables para o lector familiarizado coas nosas letras, pois polas súas páxinas van aparecendo devocións lectoras do propio Naval como Don Álvaro Cunqueiro, a magnífica poeta Eva Veiga e mesmo algunhas chiscadelas de ollo a outros amigos artistas (tal o pintor Suso Cubeiro, poño por caso).

Emoción que atrapa e subxugantes incógnitas por resolver é o que ofrece esta obra, que aparece tamén simultaneamente en versión castelá en casa editora coa que recunca o escritor, Everest Galicia, á que cómpre tamén aplaudir na persoa da infatigable Irene Penas Murias polo atractivo dunha edición que ha gustar por igual a adolescentes e adultos.

FERNÁNDEZ NAVAL, F.X., *Suso Espada: Istanbul e o cabaliño de ouro*, Ed. Everest, A Coruña, 2008, 178 páxinas.